

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: PREGO TECNICO PARA SUBMINISTRO DE EQUIPOS NOVOS DE RESPIRACIÓN AUTÓNOMA, MÁSCARAS FACIAIS RESPIRATORIAS, CASCOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E OUTROS EQUIPOS E MATERIAIS COMPLEMENTARIOS DE INTERVENCIÓN PARA O SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1.UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor propoñente: Convivencia

Unidade encargada do seguimento da execución do contrato: Parque de bombeiros.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Dotar o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento duns Equipos de Protección Individual, (EPI) consistentes nuns novos Equipos de Respiración Autónoma (E.R.A.) para protección respiratoria independente do medio ambiente, de circuito aberto de aire comprimido e presión positiva, máscaras faciais respiratorias, cascos de protección individual e outros equipos e materiais complementarios necesarios en espazos confinados e atmosferas con ausencia de oxíxeno a causa dun incendio.

3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Aberto

4.- DIVISIÓN POR LOTES

Non se dividira en lotes porque a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato corre o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do seu obxecto, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. ART 99)

Todos os equipos e materiais ofertados polos licitadores e incluídos no lote deberán ser compatibles entre eles, de xeito que non existan inconvenientes técnicos que impidan o seu uso combinado ou que reduzan a súa eficacia e operatividade durante o seu uso simultáneo. Igualmente, os equipos e materiais

ofertados polos licitadores deberán ser compatibles con todos os equipos que se teñen en uso no Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

O servizo de Bombeiros do Concello de Santiago de Compostela, utiliza os equipos de respiración de aire comprimido como equipo básico de protección individual totalmente necesario en todos os servizos con presenza de fume, de gases ou carencia de oxixeno. Para poder utilizar estes equipos fai falta unha máscara facial e un casco totalmente compatible uns con outros. Asemesmo para garantir a seguridade dos bombeiros cando se introducen dentro de unha atmosfera con fume crease a necesidade de ter taboas de control da presión dos equipos, cordas guías para encontrar o camiño de volta.

Seguindo o plan de renovación dos mesmos e con cargo os presupostos do presente exercicio, contemplase a adquisición de novos equipos que incluyan as últimas tecnoloxías do mercado, fundamentalmente en canto a ergonomia e peso das espaldeiras e maior campo de visibilidade nas máscaras e que sean compatibles cos existentes no servizo.

6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

(Débese indicar a clasificación si é obrigatoria esixida art. 77)

O contratista debere ter unha solvencia técnica do material dos equipos de respiración autónoma, máscaras faciais e cascos.

7.- NOMENCLATURA (CPV)

(Indica-la si é coñecida polo centro xestor, no caso contrario indicar neste apartado que "Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares")

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento sen iva do contrato obxecto do presente procedemento establécese na cantidade de:

PRESUPOSTO BASE: 112.092,71€

TIPO IVE APLICABLE: 21%

IMPORTE IVE: 23.539,46€

PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN IVE INCLUIDO: 135.632,17€

9. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Nº Aplicación orzamentaria:060-13600-63300

Existencia de cofinanciación

UNESPA

10.- TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

PRESUPOSTO BASE: 112.092,71€

TIPO IVE APLICABLE: 21%

IMPORTE IVE: 23.539,46€

PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN IVE INCLUIDO: 135.632,17€

11.- PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

60 días

12.- ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

Pago unico.

Santiago de Compostela, 16 de Novembro 2018

Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios



Manuel Sanmartín Chao

